Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Alcaparra dos Ancares

O pozo de Ferreira está na aba do Cuíña, un dos picos da Serra dos Ancares.

Era un matrimonio moi rico que vivía nunha cidade chamada Alcaparra e tiña unha filla á que festexaban dous rapaces.

A nai da rapaza quería que casase co rico mentres que a moza prefería ó máis pobre.

O pai da moza para solucionar as diferencias propúxolles ós dous pretendentes que aquel que antes rematase de levar unha presa dende o pozo de Ferreira á cidade de Alcaparra quedaría coa filla.

Esta é a razón que explica que haxa dúas presas en paralelo que saen do mesmo pozo. Postos á obra o que chegou antes coa cal de auga á cidade foi o pobre pero a nai da rapaza non lla quixo dar en matrimonio.

Pasou pouco tempo, veu unha tronada que asulagou Alcaparra e desapareceu. Por iso quedou o dito:

"La ciudad de Alcaparra se hundió

por hombre bueno y mujer mala"

[Texto remitido por José María Carricoba Armesto, Lugo]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

Esta lenda foi recollida a principios da década de mil novecentos noventa á informante Sra. María de Casa Naipes, de Donís, Cervantes (Lugo).